

EXCMO. CONCELLO  
DA ESTRADA

# Unha nova Praza da Feira “baixo as árbores”



Unión Europea

A proposta do estudo rvr arquitectos resultou elixida para humanizar a Praza da Feira ao conseguir o apoio unánime dos membros do xurado técnico e o 74% dos 316 votos emitidos pola veciñanza

EXPLANADA CENTRAL DA PRAZA DA FEIRA



ZONA DE XOGOS INFANTÍS



CONFLUENCIA DAS RÚAS IRMÁNS SEVERINO TRIGO E GRADÍN



PORTA DO SOL



## ESTRATEGIA DE CONEXIÓN ENTRE ESPAZOS PÚBLICOS

A reforma da Praza da Feira baséase nunha estratexia global de recuperación das rúas máis céntricas como lugar para os cidadáns, enlazando os principais polos de espazo público: Praza do Mercado, Praza da Farola, Praza da Constitución e alameda, Praza da Feira e Porta do Sol.

## UN GRAN SALÓN URBANO POLIVALENTE

A nova explanada da Praza da Feira concíbese como un gran salón urbano con capacidade para acoller múltiples actividades: o mercadillo semanal, concertos, feiras temáticas, xogos deportivos, paseos...

## ÁRBORES PARA APORTAR SOMBRA E CALMA

Ademais de contribuír a mellorar a calidade do aire e atenuar a emisión de gases de efecto invernadoiro, as árbores que se plantarán xerarán espazos de sombra e calma, propios para o encontro social.

## REORGANIZACIÓN DO MERCADO SEMANAL

Permitirase a instalación dos postos do mercadillo semanal na nova explanada da Praza da Feira e na plataforma superior do Campo da Feira, estruturándoos en ringleiras continuas baixo a protección das árbores.

## PREFERENCIA DE USO PEONIL

O acceso de vehículos á explanada da Praza da Feira limitarase só a usos ocasionais, derivándose a circulación rodada ás rúas do perímetro, que se converten en vías dunha dirección e tráfico calmado, con preferencia peonil.

## ORDENACIÓN DAS ZONAS DE APARCAMENTO

Impedirase o estacionamento incontrolado con diferentes elementos e reorganizaranse as áreas permitidas, posibilitando tarefas de carga e descarga, creando unha zona de paso e parada para residentes e comerciantes e proponendo a creación dunha nova bolsa de aparcamento público en superficie no encontro do Campo da Feira coa rúa 25 de xullo.



Unha maneira de facer Europa

FEDER - FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL



# Unha nova Praza da Feira “baixo as árbores”



A proposta do estudo rvr arquitectos resultou elixida para humanizar a Praza da Feira ao conseguir o apoio unánime dos membros do xurado técnico e o 74% dos 316 votos emitidos pola veciñanza



## ESTRATEGIA DE CONEXIÓN ENTRE ESPAZOS PÚBLICOS

A reforma da Praza da Feira baséase nunha estratexia global de recuperación das rúas máis céntricas como lugar para os cidadáns, enlazando os principais polos de espazo público: Praza do Mercado, Praza da Farola, Praza da Constitución e alameda, Praza da Feira e Porta do Sol.

## UN GRAN SALÓN URBANO POLIVALENTE

A nova explanada da Praza da Feira concíbese como un gran salón urbano con capacidade para acoller múltiples actividades: o mercado semanal, concertos, feiras temáticas, xogos deportivos, paseos...

## ÁRBORES PARA APORTAR SOMBRA E CALMA

Ademais de contribuir a mellorar a calidade do aire e atenuar a emisión de gases de efecto invernadoiro, as árbores que se plantarán xerarán espazos de sombra e calma, propios para o encontro social.

## REORGANIZACIÓN DO MERCADO SEMANAL

Permitirase a instalación dos postos do mercado semanal na nova explanada da Praza da Feira e na plataforma superior do Campo da Feira, estruturándoos en ringleiras continuas baixo a protección das árbores.

## PREFERENCIA DE USO PEONIL

O acceso de vehículos á explanada da Praza da Feira limitarase só a usos ocasionais, derivándose a circulación rodada ás rúas do perímetro, que se converten en vías dunha dirección e tráfico calmado, con preferencia peonil.

## ORDENACIÓN DAS ZONAS DE APARCAMENTO

Impedirase o estacionamento incontrolado con diferentes elementos e reorganizaranse as áreas permitidas, posibilitando tarefas de carga e descarga, creando unha zona de paso e parada para residentes e comerciantes e propoñendo a creación dunha nova bolsa de aparcamento público en superficie no encontro do Campo da Feira coa rúa 25 de xullo.



*Unha maneira de facer Europa*

FEDER - FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL